



ANUNCIO

Con data 19 de outubro 2017 o Sr. Alcalde-Presidente ditou resolución, que se transcribe:

" RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- DELEGACIONES DE FUNCIONES DE ALCALDÍA.

Celebrado Pleno extraordinario de Moción de Censura en sesión de 17 de outubro 2017 e habendo prosperado a mesma, e por razóns fundamentadas no funcionamento ordinario dos servizos.

Considerando que o artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, establecen a relación taxada das competencias e atribucións que son susceptibles de delegación.

Tendo en conta que o réxime xeral de delegacións entre os órganos necesarios previstos nos artigos 114 ao 118 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aprueba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), co alcance, límites e extensión fixados polos artigos 43 a 45 do mesmo texto legal, esta Alcaldía, en virtude das competencias que confire o artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e 62.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo,
RESOLVE:

PRIMEIRO.- *Outorgar aos Concelleiros/as que a continuación se indican, as seguintes delegacións especiais, conforme ao artigo 43.5 b) do ROF e para a dirección interna e a xestión dos servizos que a continuación se relacionan, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros:*

- Antonio Castro Negro: Fomento (supervisión de proxectos), Seguridade e Mobilidade e Protección Civil.
- Milagros González Monteiro: Educación, Mercado, Persoal e Formación e Emprego
- María Jesús Da Silva Fernández: Urbanismo.
- Eduardo Freiría Martínez: Cultura, Patrimonio e Medio Ambiente.
- Estrella Carmen Muradas Maceira: Servizos Sociais.
- Andrés Urseira González: Deportes, Turismo, Eurocidade e Relacións Supramunicipais.
- José Rodríguez Romero: Vías e Obras, Parque Móbil, Limpeza e Alumeado.
- Yovana Velázquez Torres: Comercio e Industria.

SEGUNDO.- *A dirección e xestión das áreas de Facenda, Medio Rural e Participación Cidadá quedan de competencia da Alcaldía.*

TERCEIRO.- *A presente resolución surtirá efectos a partir do día seguinte ao da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 44.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro.*

CUARTO.- *Notificar o presente acordo aos interesados para a súa aceptación expresa ou tácita e dar conta desta Resolución ó Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre."*



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Teléf.: 986 603 625 - Fax: 986 604 148

O que se publica para coñecemento e efectos.

En Tui, o alcalde, Carlos Vázquez Padín.
Documento asinado dixitalmente á marxe.

